



Termos de Seguimento

Presentada a proposta inicial en Reunión do día 10/04/2019. Período de correccións e propostas de modificación ata a reunión do 24/04/2019.

David Barreiro e Gemam Hermida

Obxectivos e visión común. Por que e para que traballar xuntas?

O obxectivo principal da posta en marcha deste grupo é xerar coñecemento de forma colaborativa en torno á **Memoria que queres contar en/de Vite**, entendendo esta memoria como o conxunto de prácticas sociais que fan parte do patrimonio inmaterial (ver «Oportunidade a Atender»).

Esta investigación queremos que se leve a cabo a través dun proceso de traballo compartido, que inclúa aos diferentes axentes do barrio, procurando así que non só sexa o resultado da investigación o que ofrezca retornos se non tamén que o intercambio de saberes e aprendizaxes se produza ao longo do propio proceso.

Para iso conformamos un Grupo de Seguimento no que compartimos:

A consideración do grupo Motor como unha comunidade de práctica. Isto significa a apertura dun espazo para coñecernos e traballar xuntas, experimentando un intercambio de coñecemento reflexivo onde posibilitar o equilibrio entre expertas teóricas (en memoria e patrimonio), expertas metodolóxicas (en procesos participativos e rexistro etnográfico) e expertas vivenciais (as que coñecemos e vivimos día a día o barrio).

A vontade de tecer e crear barrio, un dos obxectivos do grupo motor é incorporar e facer partícipe á veciñanza na investigación que se levará a cabo. Terán polo tanto un obxectivo compartido que é facer partícipes a diferentes axentes nas actividades do proxecto asegurando un relato polifónico, a aposta pola inclusión e o respecto á diversidade. Entendendo que a reflexión sobre a memoria do barrio está conectada coa construción do futuro.

Testar unha metodoloxía experimental: traballar con Cabila.

Esta investigación ten como marco unha investigación que está a desenvolver o Incipit (Instituto de Ciencias do Patrimonio) dentro do marco dun proxecto europeo Interreg. O proxecto consiste no desenvolvemento dunha **metodoloxía para xerar coñecemento de forma colaborativa en torno ao patrimonio inmaterial**. Esta metodoloxía recibe o nome de Cabila e

seleccionou Vite como espazo para pór en marcha o proxecto piloto (ver **«Condicionantes de proxecto»**).

Cabila, descríbese como unha metodoloxía pensada para a xeración de investigacións nas que o coñecemento é producido por diferentes axentes, facendo posible a creación dun arquivo de memoria e intelixencia colectiva que non só atende a resultados senón tamén aos procesos. (ver **Manual da Metodoloxía**)

O Grupo de Seguimento comprométese a experimentar con esta metodoloxía sendo parte do seu proceso de avaliación e validación deberán firmar un **Consentimento de cesión de datos**, xa que parte do seu traballo será visible no demostrador dixital elaborado polo Incipit.

Artellar o seguemento do proceso

Dentro da metodoloxía cabila existe o Grupo de Seguimento. Este grupo ten como tarefas principal a de supervisión e avaliación do traballo, tanto do proceso como do proxecto en si. Para isto dúas son as ferramentas fundamentais que ten o grupo; un **diario externo** e o **sistema de comentarios**.

Asimesmo terá un papel relevante na avaliación final do proxecto.

Neste caso a proposta que facemos, e debido ao carácter experimental do proxecto piloto é o de incorporar a dúas persoas no proceso. Terase unha reunión con estas persoas para definir os seguintes punto do documento:

Dinámicas de traballo. Como funcionamos como grupo.

O Grupo de Seguimento asiste ás xuntanzas do Grupo Motor e rexistra a dinámica da mesma, reflectindo as súas impresións no diario externo. Cada membro do Grupo de Seguimento ten o seu propio diario de campo, de maneira que o diario externo está formado por dous documentos distintos pero redundantes, que se complementan, xa que un se centra máis nos contidos concretos da discusión e outro na dinámica grupal. Previamente a cada xuntanza, os membros do Grupo de Seguimento partillan as súas impresións para preparar a mesma. Tras a reunión, o Grupo de Seguimento partilla os seus respectivos diarios na carpeta habilitada. O sistema de comentarios é unha posta en común das conclusións derivadas da observación do proceso de traballo e dos diferentes documentos xerados durante o mesmo. Esta posta en común ten lugar unha vez iniciado o proceso e consolidada a dinámica do Grupo Motor. A medida que o traballo avance, e se leven a cabo as actividades, o sistema de comentarios irase enriquecendo e ampliando.

Como é a nosa relación co Grupo Motor?

A participación do Grupo de Seguimento na dinámica de traballo do Grupo Motor ten un carácter principalmente de observación, aínda que moi puntualmente os seus membros interveñen nas discusións. Esta observación implica o rexistro sistemático das discusións e dinámica do Grupo Motor, a participación nas actividades levadas a cabo, e a interacción cos membros do Grupo Motor a través de enquisas e entrevistas. Esta interacción ten lugar unha vez consolidado o grupo Motor e afianzada a descrición do proxecto. O Grupo de Seguimento pode optar por metodoloxías complementarias para obter máis información do Grupo Motor (grabacións de audio e/ou vídeo; grupos de debate...)

Bibliografía suxerida para o Grupo de Seguimento

Evaluar sin dar órdenes: taller sobre la necesidad de hacer visible el trabajo en los laboratorios ciudadanos. Antonio Lafuente y Vicky Pellicer.

[https://www.academia.edu/37369426/Evaluar sin dar %C3%B3rdenes taller sobre la necesidad de hacer visible el trabajo en los laboratorios ciudadanos](https://www.academia.edu/37369426/Evaluar_sin_dar_%C3%B3rdenes_taller_sobre_la_necesidad_de_hacer_visible_el_trabajo_en_los_laboratorios_ciudadanos)

Súmanse as Notas internas elaboradas por Gemam con data 23/04/2019.

Funçom de procurar reflexividade sobre o projecto

- fomentar reflexividade nos grupos de traballo
- criticar a metodoloxía
- manter unha perspectiva externa sobre o proceso

Possíbeis metodoloxías

1. Registo das xuntanzas, centrando-nos nos aspectos de comportamento e discurso, máis que en reflectir o contido exacto do diálogo.
2. Análise de documentos
3. Entrevistas específicas
4. Grupos de debate sobre o desenvolvemento do projecto (ao finalizar xuntanzas ou de xeito previo?)

5. Gravações de audio e de vídeo (de audio non ten problema, o do vídeo xa o vexo máis esixente)
6. Investigación participativa nas actividades (eu aquí non teño competencia, pero apúntome ao que xurda se está dentro das miñas capacidades)
7. Inquéritos: gerais e específicos
 - 7.1 Gerais: repetem unha serie de preguntas ao longo do proceso, permiten coñecer a evolución da preceiçom e satisfacçom com o mesmo
 - 7.2 Específicos: cuestións sobre partes específicas do proceso.

8. Análise DAFO

Questões a atender:

- Por què se desenvolver determinada aççom? (por què se participa?)
- Onde está o poder em cada momento?
- Como se tomam as decisións?
- Como se aplicam e quem aplica estas decisións? (atender em particular ao peso do grupo promotor em geral)

Polo momento optamos por um sistema de trabalho redundante, no que os dous membros analizamos os mesmos materiais. Logo das primeiras 3 ou 4 juntanças estudaremos optar por um sistema mais complementar:

- David mais centrado na análise de documentos
- Germám mais dedicado à etnografia do processo.

Polo momento manteremos diários de campos paralelos.

Para além do seguimento de juntanças do grupo motor, cómpre decidir o jeito no que se seguirám a aplicaçom das decisións e jeitos de trabalho para implementar a metodologia a níveis inferiores. Penso que isto tamén precisa seguer un pouco o traballo, a ver como vai. E podemos xuntarmo-nos nós noutros momentos que decidamos.